

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8577** *Real decreto lei 4/2018, do 22 de xuño, polo que se concreta, con carácter urxente, o réxime xurídico aplicable á designación do Consello de Administración da Corporación RTVE e do seu presidente.*

O artigo 20 da Constitución prevé a regulación por lei da organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado, e garante, entre outros valores, o pluralismo, a independencia e a veracidade da información.

Pola súa parte, a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, estableceu un marco xurídico para o servizo público audiovisual que aseguraba a súa independencia, neutralidade e obxectividade e reforzaba a participación do Parlamento. Tamén establecía mecanismos para conciliar a rendibilidade social como principio básico, coa necesidade de acceder á maior audiencia posible mantendo os fins educativos, sociais e integradores propios do servizo público audiovisual.

Así, esta norma puxo definitivamente as bases para que a sociedade española desfrutase dun servizo público audiovisual plural, independente do Goberno, economicamente sustentable e que respondese ás exixencias de neutralidade, calidade e transparencia propias e equiparables ás existentes en televisións públicas de países da nosa contorna.

Tras a aprobación do Real decreto lei 15/2012, do 20 de abril, de modificación do réxime de administración da Corporación RTVE, a Lei 5/2017, do 29 de setembro, modificou a Lei 17/2006 para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos. Esta norma realizou cambios na normativa que buscaban asegurar que os medios de comunicación de RTVE puidesen desempeñar con profesionalidade e independencia as funcións que lles corresponden nunha sociedade democrática avanzada como a española. RTVE é un vehículo esencial de información e participación política dos cidadáns, de formación da opinión pública, de cooperación co sistema educativo, de difusión da cultura española e das súas nacionalidades e rexións, e un medio que contribúe a que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas. É dicir, atopámonos ante un organismo que presta un servizo público moi relevante para a sociedade española, xa que é canle fundamental de comunicación e información para a cidadanía no seu conxunto.

A Lei de 2017, na súa disposición transitoria segunda, estableceu un prazo de tres meses, que venceu o pasado 31 de decembro de 2017, para que as Cortes Xerais aprobasen a normativa pola que se elixirían o novo Consello de Administración e o presidente da Corporación RTVE. Este prazo foi superado amplamente, e case nove meses despois da aprobación da lei, o procedemento para elixir este novo Consello non se iniciou nas cámaras. Asegurar a independencia e o pluralismo na elección parlamentaria dos órganos da Corporación era o obxectivo prioritario da norma e esta tarefa encóntrase agora afectada polo bloqueo parlamentario producido nos últimos meses. Este real decreto lei persegue precisamente asegurar a fin desta situación de parálise que impide levar a cabo obxectivos que foron fixados polas propias cámaras ao aprobar a lei en 2017.

Por outro lado, debe ser tido en conta tamén que o actual Consello de Administración de RTVE finalizou xa o seu mandato. Aínda que existe unha previsión no artigo 12 da Lei 17/2006 pola que os conselleiros saíntes poden continuar nas súas funcións até o nomeamento dos novos, non existe unha previsión similar para o caso do presidente da Corporación, cos problemas de xestión que tal circunstancia pode supor.

Para que a Corporación RTVE poida seguir prestando o servizo público de información e comunicación aos cidadáns con plena eficacia e normalidade cómpre corrixir con urxencia a anomalía que supón que todos os conselleiros esgotasen o seu mandato e,

sobre todo, evitar a parálise que se podería producir no funcionamento ordinario do Consello de Administración pola ausencia dun presidente con plenas capacidades, tendo en conta que, como se mencionou, aínda non se iniciou o procedemento parlamentario de nomeamento dos novos membros do Consello de Administración de acordo co previsto na Lei 5/2017.

Neste sentido, para desbloquear a situación institucional en que se encontra actualmente a Corporación RTVE, o presente real decreto lei establece unha serie de modificacións no réxime xurídico da elección dos membros do Consello de Administración e do presidente da Corporación, co exclusivo fin de resolver a situación actual até que sexan nomeados os novos conselleiros e o novo presidente polo sistema establecido na Lei 5/2017. A normativa recollida no artigo único regula de maneira urxente e provisional a elección dos membros do Consello de Administración até a efectiva aplicación da Lei de 2017, pero sen que isto supoña ningunha modificación no sistema de elección aprobado polas cámaras mediante a dita norma. É importante sinalar que o real decreto lei mantén o número e as maiorías para o nomeamento aprobados polas propias cámaras en 2017.

En definitiva, o presente real decreto lei ten como obxectivo resolver unha situación provocada pola falta de cumprimento por parte das cámaras do mandato contido na disposición transitoria segunda da Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos. Os contidos do artigo único resolven con urxencia a situación e permítenlle á Corporación, de maneira provisional, exercer eficazmente a súa función de servizo público até a elección do novo Consello de Administración a través do procedemento que as propias cámaras aprobaron en 2017.

En consecuencia e á vista dos feitos descritos, a extraordinaria e urxente necesidade deste real decreto lei resulta plenamente xustificada.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da ministra de Facenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xuño de 2018,

#### DISPOÑO:

##### Artigo único.

1. Até o nomeamento dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVE e do presidente da Corporación RTVE e do Consello de acordo co previsto nas disposicións transitorias da Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos, as Cortes Xerais elixirán os conselleiros que deberán substituír aqueles cuxo mandato expirou, conforme o previsto no presente real decreto lei.

As cámaras elixirán, no prazo de quince días naturais desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, os dez conselleiros previstos no número 1 do artigo 10 da Lei 17/2006, do 5 xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, e, de acordo coa repartición entre as cámaras, previsto no número 1 do artigo 11 da mesma lei.

Así mesmo, unha vez elixidos os conselleiros, o Congreso dos Deputados designará, no mesmo prazo de quince días naturais, o conselleiro que desempeñará o cargo de presidente da Corporación RTVE e do Consello, no caso de que finalizase o seu mandato.

2. A maioría necesaria na elección dos conselleiros e, se for o caso, do presidente, regulada no presente artigo, será a prevista no parágrafo segundo da disposición transitoria primeira da Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos, con excepción do prazo previsto para a segunda votación, no caso de non se alcanzar a maioría de dous terzos na primeira votación. Nese suposto, o prazo será de corenta e oito

horas e a proposta de candidatura deberá obter a maioría absoluta, así como proceder, ao menos, aa metade dos grupos parlamentarios da Cámara que corresponda.

3. Transcorrido o prazo de quince días naturais previsto no parágrafo segundo do número 1, se o Senado non elixe os conselleiros que lle corresponden, o Congreso dos Deputados poderá, excepcionalmente e no prazo de dez días naturais adicionais, elixilos el. A dita elección respectará as candidaturas que, se for o caso, xa se presentasen no Senado.

4. O mandato dos conselleiros e do presidente elixidos de acordo co previsto neste artigo finalizará cando sexan nomeados os conselleiros e o presidente polo procedemento previsto nas disposicións transitorias da Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos.

5. Os conselleiros e, se for o caso, o presidente elixidos de acordo co previsto neste artigo poderán ser renovados.

6. Transcorrido o prazo de quince días naturais a que se refire o número 1 ou calquera outro prazo referido ao Congreso dos Deputados neste artigo, se a dita Cámara non procede á elección dos conselleiros que lle corresponden, o Goberno propondrá o nomeamento dun administrador provisional único para a Corporación, que será sometido ao Pleno do Congreso dos Deputados. A elección do dito administrador no Pleno do Congreso dos Deputados requirirá a obtención da maioría de dous terzos en primeira votación. No caso de non alcanzarse a dita maioría, a proposta será sometida de novo ao Pleno da Cámara, no prazo de corenta e oito horas. Nesta segunda votación, a maioría necesaria será a maioría absoluta do Congreso dos Deputados.

O administrador provisional único encargarase da administración e representación da Corporación até que se produzan os nomeamentos dos conselleiros de acordo coa normativa a que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos. No exercicio das súas funcións, terá as competencias que a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, atribúe ao Consello de Administración e ao presidente da Corporación RTVE e do Consello.

Disposición derradeira primeira.

A disposición transitoria segunda da Lei 5/2017, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, para recuperar a independencia da Corporación RTVE e o pluralismo na elección parlamentaria dos seus órganos, queda redactada do seguinte modo:

1. As Cortes Xerais aprobarán, no prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei, a normativa que recolla a selección dos membros do Consello de Administración e do presidente da Corporación RTVE e do Consello por concurso público coa participación dun Comité de Expertos.

O Comité de Expertos estará composto por persoas de recoñecida competencia profesional, docente ou investigadora no ámbito da comunicación e con experiencia acreditada nel non inferior a dez anos. Respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Os membros do Comité de Expertos serán designados nunha sesión da Comisión Mixta de Control Parlamentario da Corporación RTVE e as súas Sociedades, no prazo de dez días desde a convocatoria do concurso. Cada grupo parlamentario con, ao menos, un representante na Comisión Mixta poderá designar unha persoa para o seu nomeamento como experto. Adicionalmente, cada membro da Comisión Mixta poderá propor a designación doutra persoa, e serán nomeadas aquelas que fosen propostas, ao menos, por catro membros.

No caso de renuncia por parte dalgunha das persoas designadas, o Comité constituirase con aquelas que aceptasen o nomeamento.

Este comité fará públicos os seus informes de avaliación e serán remitidos á comisión competente para a correspondente audiencia dos candidatos.

2. Unha vez emitido o informe por parte do Comité de Expertos, convocarase a Comisión do Congreso dos Deputados que resulte competente para realizar as comparecencias previstas na lei. Tras a elección dos vogais no Pleno do Congreso dos Deputados, convocarase a comisión competente do Senado para realizar as comparecencias dos candidatos que non fosen elixidos polo Pleno do Congreso dos Deputados. A continuación, e de acordo co Regulamento do Senado, procederase á votación no Pleno da Cámara.

3. Mentres non se elixan os conselleiros e o presidente de acordo coa normativa recollida nos números anteriores, a elección e as comparecencias previstas no artigo 11 da Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal, levaranse a cabo conforme o procedemento vixente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xuño de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN